

IDEAS
PARA UNA HOMILÍA CON NENOS
11 DECEMBRO 2022

ALÉGRATE,
prepárate para a festa

1. Ver: A miña lista de queixas

- Canto nos queixamos do que nos sucede, do que non nos gusta, dos mestres, dos pais, dos fillos, dos gobernantes. Fai unha lista das 15 cousas de que te queixas xa sexa de persoas, situacións ou cousas.

De que te queixas?

2. XULGAR: Alégrate, estamos preto de ver a Xesús

- No evanxeo Xoán, desde o cárcere, envía aos seus amigos a Xesús e preguntalle quen é e que é o que fai. ***Xesús responde: “os cegos ven, e os inválidos andan; os leprosos quedan limpos, e os xordos oen; os mortos resucitan, e aos pobres anúnciaselles o Evanxeo”.*** Non dá un discurso de palabras bonitas, predica coas obras: isto é o que fago, isto é o que son: salvo, curo, limpo, libero, dou vida, alegre a vida dos pobres...

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- **Non sexamos choromicas**, sempre temos motivos para a esperanza, para **ESTAR ALEGRES**.
- **A razón principal da nosa ALEGRÍA é Xesús:** *“Sede fortes non temades. Velaquí o voso Deus. Vén en persoa e havos salvar” (Isaías). “Esperade con paciencia ata a vinda do Señor”*

(Santiago). E Xoán está no cárcere e é capaz de dicir: “os cegos ven, e os coxos andan” ... Non lles falta alegría e esperanza.

- **O Nadal é un tempo de alegría, vai vir o que é a alegría**, porque el é a alegría de Deus que vén salvarnos. Xa non hai tristeza, a nosa vida ilumínase. Cristovo Colón non fixo caso das queixas dos seus mariñeiros que querían volver, Alexandre Magno non fixo caso dos soldados que querían regresar antes de tempo. E moitos santos venceron tantos obstáculos...
- **Pero o nadal é un tempo para COMPARTIR**. Xoán Bautista anuncia a gran noticia de que coa chegada de Xesús hai esperanza para os pobres e os que o pasan mal... Esa é a nosa misión: sandar, curar, consolar, limpar... En palabras do Papa, fagamos *Ditosos aos Descartados, Refugados, Desprezados, Desvalidos...* A nosa comunidade debe ser tamén unha comunidade curadora (próxima aos que sofren, atenta aos enfermos, consoladora, asistencial, promotora...), máis dos pobres...

Como vivir a alegría do evanxeo?

3. ACTUAR: Alégrate, prepara a festa

- **Preparamos** panxoliñas, belén, belén vivente... Colocamos as figuriñas do Belén, todas miran cara ao Neno Xesús, todas se dirixen ao portal. Están quietas, pero sempre algún neno as achega ao portal.
- Continuamos coa tarefa do **cartel de Fano de Advento 22**: colocamos o nobelo de “Alégrate” no mural e pedimos a unha avoíña que nos calcete a 3ª parte da mantiña coa que queremos quentar a Xesús cando naza no noso corazón.
- **Facemos algún compromiso**, preparamos un donativo para Cáritas en Nadal, acendemos a 3ª candeia...

Que imos facer?

LECTURAS

ISAÍAS 35, 1-6a. 10: *Deus vén en persoa e havos salvar.*

O deserto e o ermo se animarán, alegrarase a estepa e florecerá, xermolará e florecerá como flor de narciso, festexará con gozo e cantos de xúbilo. Foille dada a gloria do Líbano, o esplendor do Carmelo e do Sarón.

Contemplan a gloria do Señor, a maxestade do noso Deus. **Fortalecede as mans débiles, afianzade os xeonllos vacilantes; dicide aos inquietos: «Sede fortes, non temades. Velaquí o voso Deus! Chega o desquite, a retribución de Deus. Vén en persoa e havos salvar».**

Entón despegaranse os ollos dos cegos, os oídos dos xordos abriranse; entón saltará o coxo como un cervo. Retornan os rescatados do Señor. Chegarán a Sión con cantos de xúbilo: alegría sen límite nos seus rostros. Domínanos o gozo e a alegría. Quedan atrás a pena e a aflicción.

Palabra do Señor.

SALMO 145:

R/. Ven, Señor, salvarnos.

SANTIAGO 5, 7-10: *Fortalecede os vosos corazóns, porque a vinda do Señor está preto.*

SAN MATEO 11, 2-11: *Es ti o que ha de vir ou temos que esperar outro?*

Narrador: Naquel tempo, Xoán, que oíra no cárcere as obras do Mesías, mandou aos seus discípulos para preguntarlle:

Discípulos: -«*Es ti o que ha de vir **ou temos que esperar a outro?***».

Narrador: Xesús respondeulles:

Xesús: -«*Ide anunciar a Xoán o que estades a ver e oíndo: os cegos ven, e os coxos andan; os leprosos quedan limpos e os xordos oen; os mortos resucitan e os pobres son evanxelizados. E benaventurado o que non se escandalice de min!*».

Narrador: Ao irse eles, Xesús púxose a falar á xente sobre Xoán:

Xesús: -«*Que saístes contemplar no deserto, unha cana sacudida polo vento? Ou que saístes a ver, un home vestido con luxo? Mirade, os que visten con luxo habitan nos palacios. Entón, a que saístes?, a ver a un profeta? Si, dígovos, e máis que profeta. Este é de quen está escrito:*

Escritura: -“*Eu envío o meu mensaxeiro diante de ti, o cal preparará o teu camiño diante túa*”.

Xesús: -*Con toda a verdade vos digo que non naceu de muller uno máis grande que Juan o Bautista; aínda que o máis pequeno no reino dos ceos é máis grande que el*».

Palabra do Señor.

(Narrador-Discípulos-Xesús-Escritura).